



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### TEO

*Plan de disposición de fondos da Tesourería do Concello de Teo*

#### EDICTO

Mediante Resolución de Alcaldía nº 200/2021, de data 24 de febreiro de 2021, apróbase o Plan de Disposición de fondos da Tesourería do Concello de Teo, cuxo texto é o seguinte:

#### PLAN DE DISPOSICIÓN DE FONDOS DA TESOURERÍA DO CONCELLO DE TEO

##### PRIMERO. Principios xerais

1. O Plan de Disposición de Fondos da Tesourería desta corporación ten por obxecto conseguir unha adecuada distribución temporal dos pagos e unha correcta estimación da necesidade de endebedamento para a puntual satisfacción das obrigacións, atendendo ás prioridades legalmente establecidas, conforme ás directrices marcadas pola Corporación

2. A xestión dos fondos integrantes da tesourería, salvo disposición legal en contrario, realizarase baixo o principio de unidade de caixa coa centralización de todos os fondos e valores xerados por operacións orzamentarias e por operacións non orzamentarias ordenándose á Tesourería Xeral que utilice todos os recursos dinerarios dispoñibles para o pago das obrigacións

3. Cando da programación das disponibilidades líquidas que teña que realizar a Tesourería se deducise que o cumprimento do presente Plan de disposición de fondos puidese impedir a cobertura dos vencementos periódicos de amortización e intereses das operacións financeiras concertadas, ou dunha vez satisfeitos estes, dos gastos de persoal, axustarase a programación das restantes ordes de pago á oportuna dotación que se xere para cubrir a dotación dos devanditos gastos prioritarios durante polo menos un trimestre.

##### SEGUNDO. Excepcións

Quedan exceptuados da aplicación de este Plan de Disposición de Fondos, sen que supoña unha quebra do principio de prelación, a realización de:

1. Os pagos que se realicen en formalización.
2. Os pagos realizados por anticipos de caixa fixa ou pagos a xustificar.
3. Ás devolucións de fianzas e depósitos en metálico.

##### TERCEIRO. Anticipos de Caixa Fixa e Pagos a Xustificar

Os Anticipos de Caixa Fixa e os Pagos a Xustificar regularanse pola súa normativa específica.

##### CUARTO. Prioridades na ordenación execución material dos pagos.

Na programación de expedición de ordes de pago, cando as disponibilidades de fondos estimadas razoablemente non permitan atender ao conxunto das obrigacións recoñecidas de natureza orzamentaria e aos pagos esixibles de natureza extraorzamentaria estarase a seguinte:

#### ORDE DE PRELACIÓN

**NIVEL 1º.**- Pagos de vencemento periódico de amortización e intereses dos préstamos subscritos polo Concello.

**NIVEL 2º.**- Retribucións líquidas del persoal. En este nivel encóntranse comprendidos os gastos clasificados no Capítulo 1 da clasificación económica do orzamento de gastos, segundo a Orde do Ministerio de Economía e Facenda 3565/2008, de 03 de decembro, polo que se aproba a estrutura dos dos orzamentos das Entidades locais.

A título enunciativo entenderanse incluídas:

-As retribucións líquidas do persoal funcionario, laboral, e eventual, así como dos membros electos da Corporación que teñan recoñecida dedicación exclusiva ou parcial as súas labores representativas.

-Pagos extraorxamentario a realizar en concepto de cotas retidas aos empregados por razón de cotizacións á Seguridade Social en calquera dos seus réximes, así como os derivados de liquidacións mensuais ou trimestrais en concepto de impostos retidos aos perceptores de rendas abonadas pola Corporación e en especial as correspondentes ao Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, salvo que, en ambos casos, se obtivesen aprazamentos da obrigación de ingreso en modo regulamentario. Así como os pagos extraorxamentarios de descontos en nómina (Anticipos, IRPF, Cotas sindicais, Xudiciais...).

-Pagos de natureza orxamentaria en concepto de cotizacións empresariais de calquera réxime da Seguridade Social, salvo aprazamento da obrigación de pago obtido en modo regulamentario.

-Pagos de anticipos reintegrables ao persoal da entidade (Capítulo VIII) ata o importe dos ingresos efectivamente realizados na aplicación 83100 "Reintegro de anticipos".

**NIVEL 3º.-** Pagos de tributos a outras Administracións Públicas. como o Imposto sobre el Valor Engadido ou outro tributo, salvo aprazamento da obrigación de pago obtido en legal forma.

**NIVEL 4º.-** Pago de obrigacións contraídas de exercicios anteriores tanto de natureza orxamentaria como extraorxamentaria, sen incluír os intereses de demora e a indemnización polos custos de cobro que se puidesen entender devengados por aplicación da Lei de Contratos do Sector Público e a Lei de Medidas contra a Morosidade nas Operacións Comerciais.

**NIVEL 5º.-** Achegas a outros entes públicos cos que o Concello se compromete mediante a firma de convenios de colaboración, sempre de conformidade cos prazos e réximes de xustificación establecidos nos referidos convenios de colaboración entre administracións públicas. Pago de gastos derivados de proxectos ou actuacións municipais cofinanciadas por outras administracións públicas, en orde a garantir a xustificación en prazo destas axudas, sempre de acordo cos prazos e réximes de xustificación establecidos nas respectivas bases reguladoras ou convenios nos que se instrumenten as citadas achegas.

Cando se trate de gastos financiados con subvencións finalistas nos que a cobranza das mesmas estea condicionado á xustificación do pago dos citados gastos e os seus ingresos afectados non fosen efectivamente recadados, ou en caso de reintegro de subvencións cuxa xustificación sexa necesaria para a obtención da concesión ou cobranza doutras subvencións e a súa falta de pagamento (tanto dos gastos como dos reintegros) puidese supoñer obrigación de reintegro das cantidades subvencionadas, poderá alterarse a orde de prelación dos pagos coa exclusiva finalidade de xustificar aqueles, respectando en todo caso o privilexio dos pagos incluídos nos niveis primeiro e segundo. O órgano ou servizo xestor correspondente deberá informar formalmente desta circunstancia á Tesourería Municipal. Así mesmo, o contido deste parágrafo será aplicable a aqueles outros gastos que se consideran indispensables e necesarios para o desenvolvemento do proxecto de gasto con financiamento afectado de que se trate e sen cuxa execución resulta imposible a viabilidade do devandito proxecto de gasto con financiamento afectado.

**NIVEL 6º.-** Pagos e/ou depósitos a efectuar correspondentes a obrigacións derivadas de acordos adoptados pola Corporación para dar cumprimento a resolucións xudiciais que impliquen o abono dunha contía certa. Se hai resolución xudicial de cumprimento obrigatorio e inmediato, previa consulta ao propio Xulgado ou Tribunal, terá preferencia sobre a orde 1º e 2º deste Plan de Disposición de fondos se así o determina devandito Órgano Xudicial.

**NIVEL 7º.-** Gastos de publicacións en diarios oficiais e outros medios de publicidade, inspeccións técnicas e similares que resulten precisos para poder continuar cos procedementos ou cando resulte preciso o pago con carácter previo á prestación do servizo e este non poida ser demorado no tempo ao momento en que corresponda o seu pago por aplicación da orde establecida. Pagos de primas de seguros se existe risco de falta de cobertura por falta de pago.

**NIVEL 8º.-** Pagos derivados de Programa de Axudas de emerxencia social.

**NIVEL 9º.-** Devolución de fianzas e depósitos constituídos por imperativo legal, así como a devolución de gastos indebidos.

**NIVEL 10º.-** Pagos ordinarios a provedores, con prioridade na atención dos pagos a provedores cun réxime específico na periodicidade do pago, sempre que exista formalizado nun contrato e sexa acorde ao disposto nos pregos de cláusulas administrativas particulares do mesmo.

**NIVEL 11º.-** Resto de pagos por orde de entrada na Tesourería Municipal. Pagos das obrigacións de exercicio corrente, orxamentarios ou non orxamentarios por rigoroso orde de incoación, conforme o artigo 71.2 da Lei 39/2015, isto é, seguindo a antigüidade da data do Recoñecemento da obrigación (fase O), salvo resolución motivada en contra.

**QUINTO. Disposicións específicas de aplicación**

1) Considerarase que non existe alteración na orde de prelación de pagos, ou polo menos esta non se imputará ao Concello, nin será preciso manifestala nos informes que se emitan, no caso de que queden obrigacións pendentes de pago de satisfacer na Tesourería municipal por causas imputables aos terceiros interesados (non achegar certificado bancario de titularidade, non xustificar atoparse ao corrente de obrigacións fiscais e coa Seguridade Social, cumprimento non atendido de calquera outro requisito, etc.).

Nestes supostos realizarase o pago das obrigas subseguintes que careceran de impedimentos para realizar o seu pago, facéndose efectiva a materialización da orde de pago postergada no momento no que se solventa o problema que orixinou o impedimento.

2) O ordenador de pagos poderá ordenar excepcionalmente o pago de obrigas non preferentes correspondentes a gastos orzamentarios que se consideren necesarios para o correcto funcionamento da actividade municipal ou de determinados servizos ao cidadán, deixando constancia formal e xustificación de elo na correspondente orde de pago, respectando sempre o cumprimento dos pagos dos niveis 1 ao 4.

**DISPOSICIÓN FINAL . Entrada en vigor**

Tratándose dunha disposición administrativa de carácter xeral, que afecta a unha pluralidade de interesados, o presente Plan de Disposición de Fondos, de conformidade co disposto no artigo 45 da Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, publicarase no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor o día seguinte da súa publicación e mantendo a súa vixencia ata que sexa modificado ou anulado por norma posterior de igual ou superior rango, podendo interpoñerse contra o mesmo, recurso contencioso administrativo nos termos, forma e prazos previstos na lei reguladora da devandita xurisdición e potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que aproba o Plan.

Un exemplar do mesmo permanecerá a disposición dos interesados na Tesourería municipal e ademais publicarase na páxina web do Concello.

Teo, 26 de febreiro de 2021

O alcalde

Rafael C. Sisto Edreira

2021/1671